

TEMA 5. EXPANSIÓN COLONIAL E IMPERIALISMO

Desenvolvemento capitalista e imperialismo

O imperialismo xurdiu como desenvolvemento e continuación directa das propiedades fundamentais do capitalismo en xeral. Pero o capitalismo pasou a imperialismo cando algunhas características fundamentais do capitalismo comezaron a converterse na súa antítese, cando colleron forma e se manifestaron totalmente as liñas da época de transición do capitalismo a unha estrutura máis elevada. O que hai de fundamental neste proceso, dende o punto de vista económico, é a substitución da libre competencia capitalista por monopolios capitalistas.

Se fose necesario dar unha definición o máis breve posible do imperialismo, debería dicirse que o imperialismo é a fase monopolista do capitalismo. Esta definición comprendería o principal xa que, por unha parte, o capital financeiro é o capital bancario dalgúns grandes bancos monopolistas fundido co capital dos grandes grupos monopolistas industriais e, por outro o reparto do mundo é o tránsito da política colonial que se estende sen atrancos ás rexións aínda non apropiadas por ningunha potencia capitalista, á política colonial de dominación monopolista dos territorios do globo enteiramente repartido.

LENIN, *O imperialismo, fase superior do capitalismo*, 1917.

O imperialismo resposta a necesidade de novos mercados

Pero, señores, hai outro lado máis importante nesta cuestión que domina totalmente a que veño de expor. A cuestión colonial é para os países consagrados, pola natureza mesma da súa industria, a unha grande exportación, como é o caso de Francia, a cuestión mesma dos mercados.

Dende ese punto de vista, repítoo, a fundación dunha colonia é a creación dun mercado. No tempo no que estamos e coa crise pola que pasan todas as industrias europeas, a fundación dunha colonia é a creación dunha saída.

Pódese pensar que Europa é unha grande empresa comercial que está vendo reducido o seu volume de negocios nos últimos anos. O consumo de Europa está saturado; é imprescindible descubrir novos filóns de consumidores noutras partes do mundo se non queremos colocar a sociedade moderna na bancarrota.

FERRY, J., *Discursos*, 1885.

O imperialismo saída aos excedentes de capital

O tipo de interese é moito máis alto en países cun desenvolvemento capitalista baixo, que aceptan por primeira vez empréstitos e organizacións bancarias, ca nos estados capitalistas desenvolvidos. O alto tipo de interese actúa como estímulo inmediato para a exportación de capitais.

Os beneficios do capitalista son máis altos nas colonias porque o traballo é extraordinariamente barato e porque a máis baixa calidade da man de obra compénsase cunha xornada de traballo excesivamente longa. As rendas do chan son baixas porque hai moita terra dispoñible; o baixo custo da terra diminúe así os custos de produción. Nestes sitios dáse tamén un aumento dos beneficios como resultado de privilexios e monopolios.

HILFERDING, R., *O capital financeiro*, 1910.

As colonias receptoras de excedentes de poboación

Onde estiven no East End de Londres e asistín a unha asemblea de desocupados. Cando na devandita reunión escoitaba discursos exaltados que tiñan como nota dominante: “pan, pan” e ao reflexionar, cando volvía a casa, sobre o que se dixerá, convencíame a min mesmo, máis que nunca, da importancia do colonialismo.

A idea que eu sosteño representa a solución do problema social: para salvar aos corenta millóns de habitantes do Reino Unido dunha guerra civil funesta, nós, os políticos coloniais, debemos tomar posesión de novos territorios para colocar neles o exceso de poboación. O Imperio, téño o dito dende hai moito, é unha cuestión de estómago. Se non queredes unha guerra civil, debedes convertervos en imperialistas.

RHODES, C., *Discursos*, 1898.

O goberno inglés impulsa a expansión

Para compensar a perda do mercado americano debemos posuír un mercado colonial. Porque, señores, o Imperio, para parodiar unha célebre expresión, é o comercio.

Nunca se perderá o poder que agora temos grazas ao noso dominio da India, o maior cliente con moito, e o de máis valor que temos.

Pola mesma razón, aprobo a continuación da ocupación de Exipto; e a mesma razón inspira a necesidade de empregar todas as oportunidades legais para estender a nosa influencia e control sobre o continente africano que hoxe comeza a abrirse á civilización e ao comercio.

CHAMBERLAIN, J., *Discursos*, 1896.

Xustificación: a superioridade do home branco

Fixéronse as deducións xerais seguintes:

- 1º. Hai razóns tan boas para clasificar o negro como unha especie diferente do europeo como as hai para facer do burro unha especie diferente da cebrá; e se tomamos en consideración a intelixencia, hai unha diferenza maior entre o negro e o anglosaxón que entre o gorila e o chimpancé.
- 2º. As analoxías entre os negros e os monos son máis grandes que entre os monos e os europeos.
- 3º. O negro é inferior, intelectualmente ao home europeo.
- 4º. O negro é máis humano na súa natural subordinación ao home europeo que baixo calquera outra circunstancia.
- 5º. O negro tan só pode ser humanizado e civilizado polos europeos.

JUNT, J., *Sesión científica da Sociedade Antropolóxica de Londres*, 1863.

Contra o mito da raza superior

¡Razas superiores! ¡Razas inferiores! Dise cedo. Pola miña banda, opóñoame completamente a esta afirmación desde que vin que os sabios alemáns demostraban cientificamente que os franceses son unha raza inferior aos alemáns. Non, non hai dereito das nacións chamadas superiores contra as nacións chamadas inferiores. A conquista que vós defendedes é o abuso puro e simple da forza que dá a civilización científica sobre as civilizacións rudimentarias para se apropiar do home, torturalo e extraerlle toda a súa forza en proveito do pretendido civilizador.

CLEMENCEAU, G., *Discurso na Cámara de Deputados francesa*, 30 xullo 1885.

Novas zonas de expansión comercial

O Congo produce dentro dos seus confíns case que todos os artigos que necesitan para satisfacer as necesidades europeas: depósitos de ouro e prata, minas abundantes de cobre e de ferro, bosques de gran valor, que producen madeiras moi aprezadas, cantidades inesgotables de caucho, gomas valiosas, especias, pementa e café, gando en rebaños innumerables, e poboacións susceptibles de aprezoar a comodidade da vida, sempre que sexan protexidas dos asaltos dos malféitores desenfreados e das carnicerías dos traficantes de escravos.

STANLEY, H.M., *O Congo e a creación do novo estado libre*, 1876.

Gran Bretaña e a canle de Suez

Inglaterra ten un dobre interese na canle; ten un interese comercial predominante, porque o 82% do comercio que pasa a través da canle é comercio británico, e ten un interese político predominante, polo feito de que a canle é o principal camiño cara á India, Ceilán, os Estreitos e a Birmania británica, onde 250 millóns de seres viven baixo o noso goberno; e tamén a China, onde temos vastos intereses. É tamén un dos camiños ao noso Imperio colonial en Australia e Nova Zelandia.

Sir Charles DILKE, *Discurso na Cámara dos Comúns*, 25 xullo 1882.

O reparto de África

Desexando establecer un espírito de entendemento as condicións máis favorables ao desenvolvemento do comercio e da civilización de determinadas rexións de África, e asegurar a todos os pobos as vantaxes da libre navegación polos principais ríos africanos que desembocan no océano Atlántico; cobizosos, por outra banda, de prever os malentendidos e liortas que puidesen xurdir no futuro polas novas tomas de posesión efectuadas nas costas de África e preocupados, ao mesmo tempo, polos medios de aumentar o benestar social e material das poboacións indíxenas, resolveron:

Art. 1. Todas as nacións gozarán dunha completa liberdade de comercio na conca do Congo, as súas desembocaduras e países veciños. Na zona marítima que se estende sobre o océano Atlántico ata o océano Índico.

Art. 26. A navegación polo río Níxer é e continuará sendo completamente libre.

Art. 34. Toda potencia que tome posesión dun territorio situado na costa do continente africano acompañará a acta cunha notificación dirixida ás restantes potencias asinantes co obxecto de facer valer as súas reclamacións, se isto fose procedente.

Art. 35. As potencias asinantes da presente Acta recoñecen a obriga de asegurar, nos territorios ocupados por elas na costa do continente africano, a existencia dunha autoridade suficiente para facer respectar os dereitos adquiridos e, se chega o caso, a liberdade de comercio e tránsito nas condicións en que fose axustada.

Acta Xeral da Conferencia de Berlín, 26 febreiro 1885.

A necesidade de expansión dos Estados Unidos

As fábricas norteamericanas producen máis do que o pobo pode utilizar; o solo norteamericano produce máis do que se pode consumir. O destino trazounos a nosa política; o comercio mundial ten que ser e será noso. Nós adquirirémolo tal e como a nosa nai (Inglaterra) nos ensinou.

Estableceremos factorías comerciais na superficie do mundo, como centros de distribución dos produtos norteamericanos. Cubriremos os océanos cos nosos barcos mercantes. Construiremos unha mariña de acordo coa nosa grandeza. Das nosas factorías comerciais saíran as grandes colonias, despregando a nosa bandeira sobre as ás do comercio. E a lei norteamericana, a orde norteamericana, a civilización norteamericana e a bandeira norteamericana plantaranse nas costas e rexións dominadas ata agora polo escurantismo e pola violencia, e estes auxiliares de Deus faranas a partir de agora magníficas e refulxentes.

BEVERIDGE, A.J., *Discurso* pronunciado no Middlesex Club, Boston, 27 abril 1898.

O destino manifesto

Temos un destino que cumprir, un *destino manifesto* sobre México, sobre Sudamérica, sobre as Indias occidentais e sobre Canadá. As illas Sandwich son tan necesarias para o noso comercio oriental como as illas do Golfo para o occidental. As portas do Imperio chinés deben ser derrubadas polos homes de Sacramento e Oregón; debemos ensinar as doutrinas republicanas e o coñecemento das urnas aos altivos xaponeses que non dubidan pisar a cruz. A aguia da República saberá pousarse sobre os campos de Waterloo, logo de trazar o seu voo ao longo dos cumios do Himalaia e dos Urais e un sucesor de Washington cinguirá a coroa do Imperio universal.

BOW, J.B.D., *O destino manifesto*, 1850.

Tratado hispano-norteamericano, 12 agosto, 1898

Art. 1. España renuncia a todo dereito de soberanía e propiedade sobre Cuba.

Art. 2. España cederá aos EE.UU. a illa de Porto Rico e as demais illas que actualmente están baixo soberanía de España nas Indias occidentais e a illa de Guam no arquipélago das Marianas ou Ladróns.

Art. 3. España cede aos EE.UU. o arquipélago das illas Filipinas.

Liñas mestras do imperialismo americano

O único que este país desexa é ver as nacións veciñas estables, ordenadas e prósperas. Calquera país que ten un pobo que se conduce ben, pode contar coa nosa cordial amizade. Se unha nación amosa que sabe conducirse cunha medida razoable de efectividade, así como de decencia, en asuntos sociais e políticos; se mantén a orde e paga as súas débedas, non ten por que temer interferencias por parte dos EE.UU.

Unha mala conduta crónica ou unha impotencia que dá como resultado o xeral afrouxamento dos nós dunha sociedade civilizada, pode finalmente necesitar a intervención dalgunha nación civilizada; e no hemisferio occidental a adhesión dos EE.UU. á doutrina Monroe pode obrigalos a actuar como unha potencia policial internacional.

ROOSEVELT, T., *Discurso*, 1904.

Tratado entre Estados Unidos e Panamá

Art. 1. Os EE.UU. garanten o mantemento da independencia da República de Panamá.

Art. 2. Panamá concede aos EE.UU. o alugamento e perpetuidade, ocupación e dominio da faixa de terra onde se vai construír a canle interoceánica.

Art. 3. Panamá concede aos EE.UU., a perpetuidade, o monopolio para a construción e operación de todo sistema de comunicación pola canle ou por ferrocarril a través do territorio entre o mar e o Océano Pacífico.

Art. 22. Se chegase a ser necesario algunha vez empregar forza armada para a seguridade e protección da canle, os EE.UU. terán dereito a usar a súa policía, desembarcar forzas navais ou establecer fortificacións.

Art. 24. Panamá non poderá facer ningún cambio de goberno, leis ou tratados sen o consentimento dos EE.UU.

... Na cidade de Washington o día 18 de novembro de 1903.

Constitución Meiji, 1889

Declaramos respectar e protexer a seguridade dos dereitos e a propiedade do noso pobo, ao que garantimos o pleno disfrute deles dentro dos límites dos preceptos da presente Constitución e da Lei.

Art. 3. O emperador é sagrado e inviolable.

Art. 4. O emperador é a cabeza do imperio; reúne os dereitos de soberanía, que exercita de acordo coas disposicións da presente Constitución.

Art. 5. O emperador exerce o poder lexislativo.

Art. 6. O emperador sanciona as leis e ordena a súa promulgación e execución.

Art. 11. O emperador ten o mando supremo do exército e da mariña.

Art. 16. O emperador ordena as amnistías, perdóns, conmutacións de penas e rehabilitacións.

Imperialismo xaponés

Para a gran maioría do pobo xaponés a guerra do ano 1905 non foi tan só unha guerra contra a nación rusa. Foi un verdadeiro levantamento contra esta raza branca tan fachendosa, tan omnipotente, tan ameazadora: foi unha revolución contra estes homes altos e grandes, coa pel branca, cun xeito de falar a berros e de acenos groseiros, que tantos delitos, incongruencias e abusos de poder cometeran contra Xapón. Tratábase de vencer á soberanía desta raza que pretendía ser a aristocracia das razas humanas.

NAUDEAU, L., *O Xapón moderno*, 1909.

A independencia e a consolidación de Manchukuo é tan só o prefacio da autonomía e a reconstrución de Asia. A liberación de Manchuria ten que ser o primeiro paso para a liberación de toda Asia.

Os límites do expansionismo xaponés son as beiras do canal de Suez.

NAKAYA BUSEI, profesor de Ciencia Política, 1934.